



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
FACENDA E
ADMINISTRACIÓN



Xacobeo
2027

INFORME SIMPLIFICACIÓN DE PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS 2025-2027

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Consellería de Facenda e Administración Pública

Santiago de Compostela, febreiro de 2026

Xacobeo  2027



ÍNDICE

1	ANTECEDENTES.....	1
2	DETECCIÓN DAS NECESIDADES.....	2
2.1	Análise de simplificación ordinaria.....	
2.2	Análise de simplificación extraordinaria.....	
2.2.1	En colaboración directa coas consellerías.....	3
2.2.2	Mediante proceso participativo coa cidadanía.....	4
3	MEDIDAS E INSTRUMENTOS DE SIMPLIFICACIÓN.....	5
3.1	Medidas.....	
3.2	Instrumentos.....	
3.3	Outras melloras de xestión.....	
4	ESTADO ACTUAL DO PROCESO DE SIMPLIFICACIÓN.....	7
4.1	Procedementos simplificados.....	
4.1.1	Instrumentos aplicados.....	8
4.1.2	Persoas potencialmente beneficiarias.....	9
4.2	Procedementos non simplificados.....	
4.3	Outras melloras de xestión aplicadas.....	
4.4	Procedementos en análise.....	
5	CONTINUACIÓN NOS ANOS 2026-2027.....	11
6	CONCLUSIÓN.....	12



1 ANTECEDENTES

En resposta ás demandas da cidadanía galega, que reclama unha Administración coa que sexa sinxelo comunicarse, que escoite as súas peticións e que simplifique e reduza as cargas dos procedementos administrativos, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia está en permanente busca da racionalización e simplificación dos seus procesos.

Con este obxectivo, os **compromisos da lexislatura actual nesta materia céntranse** en:

- Reducir os tempos de tramitación
- Redactar normas máis claras e concisas
- Revisar os procedementos internos e reducir as cargas burocráticas

Así, co propósito de cumprir coas responsabilidades asumidas, a finais do mes de febreiro do ano 2025 e a través da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (DXSP), a Consellería de Facenda e Administración Pública iniciou os traballos de planificación e coordinación dos procesos de racionalización e simplificación de procedementos, en virtude das competencias atribuídas a esa dirección xeral polo Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O proceso terá unha duración estimada de tres anos, que se prevé que estea rematada finais do ano 2027, e buscará a optimización dos tempos de xestión ordinaria dos procedementos dese varias perspectivas:

- De **volume**, mediante a redución do número de procedementos vixentes, por fusión daqueles que se solapan ou complementen entre si
- De **trámites**, mediante a supresión daqueles que non resulten imprescindibles, aínda que precisen dunha modificación normativa previa ou da formulación dun plan de mellora
- De **redución dos documentos**, mediante a eliminación da obrigatoriedade de presentalos, por poder integrarse noutros, por reducir a información a cubrir ou poder ser consultados polo órgano xestor mediante a interoperabilidade:
 - A través de pasaXe!
 - A través de consultas interdepartamentais
- De **comprobación**, mediante o fomento do emprego de comunicacións previas e declaracións responsables, xunto coa regulación da súa achega ao finalizar a tramitación
- De **comprensión**, mediante o uso de:



- Redaccións de comprensión sinxela na elaboración das normas reguladoras
- Elaboración de resumos explicativos para a cidadanía

2 DETECCIÓN DAS NECESIDADES

O proceso parte da localización das principais necesidades e problemáticas existentes de cara a identificar os procedementos susceptibles de simplificación, así como as principais cargas burocráticas que recaen sobre a cidadanía que poidan ser eliminadas sen perda de garantías, dentro do marco autonómico de competencias.

Con esta premisa, no ano 2025 abríronse dúas **vías de detección interna** (no seo da Administración):

- Mediante a análise funcional dos procedementos durante a súa tramitación ordinaria a través de *Reduce*.
- Mediante unha revisión específica en colaboración directa coas consellerías xestoras dos procedementos.

Na anualidade 2026 está previsto realizar tamén unha detección **externa**, coa participación dos axentes sectoriais implicados, mediante procesos participativos:

- Coa cidadanía, a través do Portal de Transparencia e goberno aberto
- Coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
- Con outras entidades representantes de intereses sectoriais

O sistema de **detección e análise interna** a través de *Reduce* ten **carácter ordinario e continuo**, realizándose de forma regular na tramitación ordinaria ao longo do ano.

O **resto dos sistemas de detección e análise presentan un carácter extraordinario**, ao instrumentalizarse *ad hoc* para este proceso de simplificación 2025-2027.

2.1 Análise de simplificación ordinaria

Dentro do proceso de análise funcional dos proxectos de disposicións de carácter xeral que regulen procedementos administrativos por instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos á cidadanía e ao persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades integrantes do sector público autonómico, o

equipo responsable da súa tramitación a través de *Reduce* examina os textos dende o punto de vista funcional e formula recomendacións de simplificación.

As recomendacións de simplificación emanadas deste proceso orientaranse, en termos xerais, a:

- Homoxeneizar textos e normalizar formularios
- Unificar e eliminar procedementos
- Propoñer a eliminación de documentos a presentar por parte da cidadanía ou a súa substitución por consultas a través de interoperabilidade, declaracións responsables, etc.

Este proceso realízase durante todo o ano, de forma regular e independente do proceso de análise extraordinaria, naturalmente asociada á tramitación ordinaria dos procedementos.

2.2 Análise de simplificación extraordinaria

Ademais da análise ordinaria realizada durante a tramitación das normas a través de *Reduce*, no ano 2025 a DXSAP comezou un proceso extraordinario de análise en colaboración directa coas consellerías e mediante a apertura dun proceso participativo.

2.2.1 En colaboración directa coas consellerías

O 25 de febreiro de 2025 iniciouse esta parte do proceso, solicitando a todas as consellerías unha proposta de procedementos da súa competencia susceptibles de simplificación.

Con data do 31 de marzo, recibíronse as últimas propostas das consellerías, a partir das que se configurou unha selección previa de 98 procedementos a analizar durante o ano 2025.

O traballo de campo distribúese entre as anualidades 2025 e 2026, cunha fase de conclusión no ano 2027.

Na anualidade 2025, o universo de traballo foi o seguinte:

Consellería	2025
Presidencia	2
Presidencia, Xustiza e Deportes	14
Medio Ambiente e Cambio Climático	12
Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	4
Política Social e Igualdade	9
Economía e Industria	10
Facenda e Administración Pública	4
Vivenda e Planificación de Infraestruturas	3
Sanidade	2
Cultura, Lingua e Xuventude	12
Emprego, Comercio e Emigración	10
Medio Rural	8
Mar	8
Total	98



2.2.2 Mediante proceso participativo coa cidadanía

Con ocasión da realización dos actos da Semana de Administración aberta, o 19 de maio de 2025 abriuse un proceso participativo, público e anónimo, no Portal de Transparencia e Goberno aberto, no que a cidadanía ten á súa disposición unha breve enquisa para achegar libremente as súas propostas no eido da simplificación, indicando aqueles procedementos que entende susceptibles de mellora e os documentos ou trámites concretos que propón suprimir ou reducir.



A participación consiste en responder a cinco preguntas sinxelas:

1. *Idade*
2. *Sexo*
3. *Indique respecto de que procedemento/s administrativo/s xestionado/s pola Xunta de Galicia considera que se pode simplificar a tramitación*
4. *Ademais, se o desexa, pode indicar que trámites e/ou cargas burocráticas dos procedementos da Xunta de Galicia cre que poden suprimirse sen afectar negativamente á resolución do procedemento*
5. *Gustaríalle facer algunha outra proposta de mellora en relación á simplificación dos procedementos administrativos e a redución de trámites e cargas burocráticas? Indíqueas aquí.*

Está previsto manter o proceso participativo aberto de xeito indefinido e analizar en 2026 todas as propostas, incluídas as **30 propostas** recibidas ata o momento.

3 MEDIDAS E INSTRUMENTOS DE SIMPLIFICACIÓN

3.1 Medidas

As medidas de simplificación clasificáronse nos catro grandes grupos que se indican a continuación.

Cod.	MEDIDA
MS.1	Redución de procedementos



	<i>(Minorción do número de procedementos existentes)</i>
MS.2	Eliminación de trámites do procedemento <i>(Supresión algunha das actuacións ou actos que se levan a cabo durante a xestión do procedemento que redunde nunha maior axilidade do procedemento e nunha menor molestia para a cidadanía)</i>
MS.3	Supresión de requisitos <i>(Supresión de condicións para adquirir a condición de beneficiario do procedemento)</i>
MS.4	Eliminación e simplificación de documentos <i>(Eliminación para a cidadanía da obriga de presentar documentos, ou de documentos que figuran no procedemento, así como simplificación da información a incluír nun documento)</i>

3.2 Instrumentos

Cada medida de simplificación desagregouse nos seguintes instrumentos:

Cod.	INSTRUMENTO
MS.1.1	Procedementos fusionados neste
MS.1.2	Procedementos dados de baixa
MS.2.1	Informes previos á resolución do procedemento, suprimidos
MS.2.2	Inspeccións previas á resolución do procedemento, suprimidas
MS.2.3	Outro
MS.3.1	Documentos acreditativos de requisitos, eliminados
MS.3.2	Documentos acreditativos de requisitos, que eran interoperables por pasaXe!, eliminados
MS.3.3	Documentos acreditativos de requisitos, que eran interoperables por consulta interdepartamental, eliminados
MS.3.4	Declaracións responsables acreditativas de requisitos, eliminadas
MS.3.5	Outro
MS.4.1	Documentos a presentar pola cidadanía, eliminados <i>(suprimida a obriga de presentación porque deixarán de formar parte do procedemento, por duplicidade, por integración dos datos noutro documento)</i>
MS.4.2	Documentos a presentar pola cidadanía substituídos por interoperabilidade por pasaXe!
MS.4.3	Documentos a presentar pola cidadanía substituídos por Interoperabilidade por consulta interdepartamental
MS.4.4	Solicitud substituída por comunicación previa/declaración responsable
MS.4.5	Documentos a presentar pola cidadanía substituídos por declaración responsable no cadro de declaracións doutro documento
MS.4.6	Redución da información solicitada nun documento <i>(computar por numero de documentos nos que se reduce a información)</i>
MS.4.7	Outro

3.3 Outras melloras de xestión

Ademais, estudáronse outras medidas complementarias que non constitúen unha redución de cargas en si mesmas, por non afectar directamente á experiencia das persoas solicitantes, pero que terminan por xerar un beneficio para a cidadanía, principalmente en termos de redución dos tempos de xestión.


OUTRAS MELLORAS DE XESTIÓN

Implantación de ferramentas de xestión (xestores de proxecto, aplicacións informáticas de xestión ou similares)
Implantación de procesos de automatización
Implantación de procesos de intelixencia artificial
Utilización de redacción sinxela na elaboración das normas reguladoras
Actualización do resumo explicativo dispoñible na sede electrónica (fichas)
Outra/s

4 ESTADO ACTUAL DO PROCESO DE SIMPLIFICACIÓN

No **ano 2025** analizáronse un total de **98** procedementos, co seguinte resultado:

- No **48%** do total (47 procedementos) introdúcese algún instrumento de simplificación
- O **25,5%** do total (25 procedementos) non puideron simplificarse
- O **26,5%** do total (26 procedementos) continúan en análise



4.1 Procedementos simplificados



4.1.1 Instrumentos aplicados

Nos 47 procedementos que se simplificaron, aplicáronse **10 tipos de instrumentos**, que se materializaron en:

a) **11 procedementos fusionados** noutros existentes, dos que 9 se deron de baixa.

b) **76 documentos diferentes eliminados** dos procedementos, ben por supresión, ben por integración noutros documentos existentes, ou por ser substituídos por consulta interdepartamental, coa distribución que se indica máis adiante, que eliminarán a presentación dun mínimo estimado de **20.000 documentos** no sistema:

Cod.	INSTRUMENTO	Núm.	%
MS.1.1	Procedementos fusionados neste	11	12%
MS.1.2	Procedementos dados de baixa	9	9%
MS.3.1	Documentos acreditativos de requisitos, eliminados	2	2%
MS.3.2	Documentos acreditativos de requisitos, que eran interoperables por pasaXe!, eliminados	3	3%
MS.4.1	Documentos a presentar pola cidadanía, eliminados (<i>suprimida a obriga de presentación porque deixarán de formar parte do procedemento, por duplicidade, por integración dos datos noutro documento</i>)	19	20%
MS.4.2	Documentos a presentar pola cidadanía substituídos por interoperabilidade por pasaXe!	21	22%
MS.4.3	Documentos a presentar pola cidadanía substituídos por Interoperabilidade por consulta interdepartamental	6	6%
MS.4.4	Solicitude substituída por comunicación previa/declaración responsable	1	1%
MS.4.5	Documentos a presentar pola cidadanía substituídos por declaración responsable no cadro de declaracións doutro documento	23	24%
MS.4.6	Redución da información solicitada nun documento (<i>número de documentos nos que se reduce a información</i>)	1	1%
TOTAL		96	100%

Entre outras, estas medidas permitirán que as mulleres embarazadas ou as familias monoparentais que soliciten a tarxeta benvinda por xestación, nacemento, adopción, garda con fins adoptivos ou acollemento familiar



permanente xa non teñan que presentar a sentenza de divorcio para acreditar esta situación, ao ser substituída polo certificado correspondente que, ademais, pode ser consultado directamente pola Administración; ou que os mozos e mozas que solicitan o Bono Emancípate xa non teñan que presentar o poder de representación, o certificado de empadramento colectivo ou indicar exactamente as axudas recibidas; ou que os clubs deportivos deixen de presentar 6 anexos para solicitar as subvencións ao desenvolvemento das actividades deportivas.

Por outra parte, simplificáronse 12 procedementos dirixidos a empresas e persoas traballadoras autónomas, mediante a fusión de 4 procedementos en 2, e a eliminación da obriga de presentar 12 documentos, que se substituíron por consulta por interoperabilidade ou se integraron noutros documentos existentes.


4.1.2 Persoas potencialmente beneficiarias

Segundo os datos de persoas solicitantes correspondentes á convocatoria finalizada máis recente ou referida ao exercicio anterior, o colectivo e persoas potencialmente beneficiarias da simplificación implantada nos procedementos analizados no ano 2025 ascende a un total de **175.693 persoas**.

4.2 Procedementos non simplificados

As causas polas que **25** dos procedementos analizados non puideron ser simplificados, resúmense a continuación:


CAUSA	Núm.	%
Normativa básica estatal condicionante	1	4%
Non cabe maior simplificación	12	48%
Por indicación da unidade xestora	11	44%
Outra	1	4%
TOTAL	25	100%



4.3 Outras melloras de xestión aplicadas

En **18** procedementos analizados (sete deles sen instrumentos de simplificación aplicados) aplicáronse tamén outras melloras de xestión, que se resumen a continuación:

OUTRAS MEDIDAS DE XESTIÓN	Núm.
Actualización do resumo explicativo dispoñible na sede electrónica (fichas)	12
Implantación de ferramentas de xestión	3
Implantación de procesos de automatización	2
Outra/s	8
Utilización de redacción sinxela na elaboración das normas reguladoras	1
Total	26



Entre outras, estas melloras técnicas permitirán reducir os tempos de tramitación das queixas en materia sanitaria que non se presentan por CONTACTE (aplicación Sergas), ou que se melloren os formularios dinámicos para que aos viticultores titulares dunha explotación lles sexa máis doado inscribirse ou actualizar os seus datos no Rexistro vitícola de Galicia, ou que a información do Bono Emancípate dispoñible na sede electrónica sexa máis clara e sinxela.

4.4 Procedementos en análise

Diversas circunstancias, como a incapacidade temporal do persoal responsable do procedemento, a súa dificultade xurídica ou técnica ou a necesidade de completar datos explican a situación dos **26** procedementos que continúan en análise actualmente.

5 CONTINUACIÓN NOS ANOS 2026-2027

No ano 2026 continuarase coa análise ordinaria dos procedementos mediante a análise funcional durante a súa tramitación a través de *Reduce*.

Respecto á análise extraordinaria:

- Continuarase a colaboración coas consellerías nun número previsto aproximado de 82 procedementos, que poderá estenderse ata o ano 2027
- Abordarase o exame das propostas resultantes do proceso participativo coa cidadanía
- Ampliarase a participación externa mediante contactos coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e outras entidades representantes de intereses sociais.

Estímase no ano 2027 rematen os traballos de análise e implantación das propostas resultantes e que se concreten as conclusións do proceso.

6 CONCLUSIÓN

O resultado dos traballos realizados no ano 2025 son os seguintes:

- 47 procedementos simplificados
- 175.693 persoas beneficiadas pola simplificación
- Eliminada a obriga de presentar un mínimo estimado de 20.000 documentos